

O Priscilianismo: un movemento sociopolítico da Galiza

Manuel Vázquez Cabo
Marcos Maceira Eiras



AS LECTURAS APRACÍBEIS do texto de Alba de Gloria, de Castelao, as conversas, cun dos mellores ensaístas galegos, Xosé Chao Rego, e as inquietudes por saber máis da nosa historia impulsáronnos a realizar, organizado pola A.C. O Galo, o I SIMPOSIO PRISCILIANO, co obxectivo de analizar e estudar os feitos que protagonizou, xa que, a pesar de teren pasado máis de 1.500 anos, segue vivo na memoria do País, no debate académico e sobre todo no social. Só un feito de suma importancia, de moita espesura cualitativa e cuantitativa, pode permanecer nas memorias ao longo de tanto tempo, sobrevivir a tantas e tantas tentativas de aniquilalo, refusándoo ou diminuíndoo a nada, polos que

teiman en negar a nosa historia. Os mesmos, que crean un pensamento e realidade sobre a falsidade ou agochamento, e tamén dos que acientificamente protexen e defenden a presenza do soterramento do Apóstolo Santiago en Compostela, sen proba algunha e con moitas en contra. Algo, a todas luces, inasumíbel cientificamente. Non deixa de ser penoso que, aínda hoxe, se pretenda identificar ou confundir imperialismo con crenza, ciencia con maxia.

Castelao coloca Prisciliano á fronte da Santa Compañía de inmortalis que, dun xeito ou outro, contribuíron á formación nacional de Galiza. Casualidade? Simple intuición? Ou certas razóns de peso produto de análi-

ses e amplas pescudas sobre o tema. A rigorosidade de Castelao, a estas alturas, parece non cuestionada, como tampouco o é o seu pensamento e facer nunha realidade sensíbel ou material, afianzando a historia do noso país sempre desde unha perspectiva acumulativa.

Os parámetros que se utilizan nesta análise bulen en sentido contrario aos manexados polos que aínda temos que denominar, polo menos, neste campo da "oficialidad" que, claro está, representa outro pensamento e cultura, xogan con outros parámetros. Concretando: o intro-país é o noso vector; o extra-país deixámolo para os que se nomean, "científicos" ou "historiadores", como escribiu Ranahit Guha. Concordamos con que os métodos utilizados nos enfoques dos problemas son un claro reflexo das nosas mentes científicas.

O estudo da materia, que abordaremos ao longo deste artigo sobre o priscilianismo, centrarase no movemento en si: os feitos que propiciaron a súa aparición; o seu pensamento teórico; a súa eliminación física e o soterramento das súas ideas no íntimo de cada persoa; e, por suposto, a súa pegada na conformación nacional da Galiza. Foi para nós un movemento sociopolítico de grande transcendencia que contou con dirixentes de suma importancia -Prisciliano, Latronio, e a propia Exeria- que se forma no priscilianismo e logo das execucións en Tréveris, viaxa a oriente, arredor do ano 400, quizais forzada polas persecucións que sofren os priscilianistas. Sería pura fantasía, falsearíamos a historia dun modo groseiro, de atribuírmos a unha soa persoa a capacidade de tales eventos a non ser que lle colguemos atributos divinos. Non negaremos nós, por suposto, certa pegada subxectiva de persoas singulares na historia. Mais non podemos acreditar nas teses dos que todo o poñen en mans de individuos illados, negando así o protagonismo a outros factores decisivos, como son a consciencia e participación de grandes

Dolmen de Dombate. Na Galiza o pobo tiña o seu xeito particular de relacionarse coa morte e coa transcendencia desde moitos séculos antes de chegar o cristianismo

grupos de persoas, do pobo. Quéirase ou non, son imprescindíbeis as representacións colectivas ou sociais para entendermos a Historia. A historia amosounos de sobra que isto é en última instancia o decisivo. Neste caso, parece ser que ninguén pon en cuestión o arraigo social do priscilianismo: sábese con certeza manifesta que a identificación co movemento chegou a tal extremo que o ser galego era sinónimo de ser Priscilianista. Testificado nesa carta que Inocencio I envía aos bispos da Bética e Cartaginense, na que se identifica aos galegos cos priscilianistas, segundo recolle E. López Pereira.

Mágoa non poder contar con textos elaborados polos propios priscilianistas que de seguro existiron, xa que nas súas filas están escritores recoñecidos polas informacións que chegaron aos nosos días: Latroniano, Exeria ou o propio Prisciliano. Mais hai que avanzar a hipótese, con moitos graos de certeza, de que o mesmo que se fixo 50 anos antes, coas publicacións do arianismo, repetirase agora: lume para todo tipo de escritos priscilianistas ou daqueles que, dunha maneira obxectiva, daban noticias do movemento. Se decruamos os textos sobre Prisciliano dunha maneira crítica, desvelaremos que a maioría dos escritos e interpretacións que se formulan sobre o priscilianismo son para focalizalas en exclusividade sobre a figura de Prisciliano, agochando ou prestando minguada atención ao movemento en si. A totalidade dos estudos sobre o priscilianismo obedecen a patróns preestabelecidos polas correntes individualistas, cosmopolitas ou estadistas, negadoras do propio contexto-territorio-tempo do movemento. Isto non é nada novo, xa que o clixé con que se mira a nosa realidade torna opaca a mesma realidade. Os debates, teses, opinións e hipóteses sobre o priscilianismo teñen un común denominador desde a propia antigüidade: interpretacións sen fin. Aínda que prevalecen dúas fundamentalmente: a herética, tese defen-



dida polos católicos; e a ascética. Ou como opina J. M. Blázquez: unha, que será a xerárquica e vinculada ao Estado Romano; outra, a ascética, democrática, carismática e frecuentemente con trazos arcaicos. E, por último, a que, a pesar de ser a menos estudada e investigada, é quizais a chave que abre as portas a unha análise anovada e máis atinada. Referímonos á tese defendida por A. Barbero, para quen o movemento priscilianista acumula un “transfundo económico e social”. Polo tanto, aguiollando o pensamento, concluiremos, que conta cunha realista carga política, sustentada en principios democráticos, territoriais, e sociais. Coñecemos con certeza que a igrexa do momento está cargada de privilexios, o que incide na súa adulteración. A igrexa perseguida e mesmamente popular, vírase, acoillendo a ideoloxía dos seus perseguidores, para se tornar perseguidora de todo tipo de disidencia. Por volta do ano 378, baixo o goberno de Teodosio, política e reflexión non se diferencian: son a mesma moeda con dúas caras. Opina J. Fontaine que o conflito entre priscilianistas e antipriscilianistas: “non é unha rifa de intereses persoais ou de vontades de poder mutuamente exacerbadas. O Priscilianismo é unha

protesta radical, oposta á unidade da igrexa que é o complemento da unidade do Imperio. Unidade da Igrexa que se realiza da forma brutal”. Leamos o que manifesta Teodosio nun edicto:

Seguindo as disciplinas dos Apóstolos e a doutrina do evanxeo, creemos na soa divindade do Pai, Fillo e Espírito Santo, baixo unha maxestade igual e unha Santa Trindade. Autorizamos os seguidores desta doutrina a tomaren o título de Cristiáns Católicos e xulgamos que os demais son extravagantes dementes, tachámolos co infame nome de herexes e declaramos que os seus conventos non seguirán usurpando o respectábel apelativo da igrexa. Aparte da condena da Xustiza Divina, deben esperar sufrir as severas penas que as nosas autoridades, guiadas pola sabedoría celestial, consideren adecuado inflixirlles.

Pouquiños se teñen detido no que parece básico: as causas que fan posíbel o xurdimento do priscilianismo. Partimos da tese de que todos os actores no conflito son construídos e influídos, determinados e condicionados, polo que denominamos ‘estruturas do sistema’: económica-ideolóxico-cultural. Como diría Agnes Sëller, prestemos atención a vida cotiá das persoas -o microindividuo- para así acadar o fermento oculto da mesma sociedade no seu conxunto, coñecer os seus comportamento, desexos,

costumes, necesidades. En suma, as súas implicacións vitais, psicolóxicas, sociais, e históricas. Hai algúns analistas que indagan niso, mais sempre desde o prisma relixioso: heterodoxo ou ortodoxo. O contexto do que mana o Priscilianismo semella un tema confuso, máis ben pouco clarexado, ben por desleixo ou por desinterese. Ou quizais por medo a camiñar pola ruela que nos conduce a unha liña de investigación anovada e pouco aceptada por quen realizan as análises da historia afastadas dos contextos en que abrollan, neses limbos fantasiosos onde as cousas parecen illadas e non condicionadas e interrelacionadas polo mundo material que as apreixa. Iso agrávase en sociedades que, como a nosa, nuns casos son negadas e noutros parecen existir en referencia a outras, pretendéndose que non teñamos historia e así non sermos nós, senón copias gastadas doutros.

Moitas teorías sobre as causas e lugar do xurdimento do priscilianismo son produto de ideas discriminatorias ao tratar de enfatizar e negar que o movemento e a súa doutrina poidan obedecer a consideracións ideolóxicas da sociedade gallaeciana do momento. Así, uns argumentan que é unha doutrina traída de África, e outros que procede doutras zonas da Hispania. Supomos, que se permitirá, aínda que só sexa a nivel de hipótese -as outras tamén o son- afirmar que é un fenómeno intrínseco á Gallaecia e que a coincidencia con outros movementos que se están a dar, quizais



Obelisco de Teodosio I en Estambul. Emperador desde o 379 até a súa morte no 395. Moedas acuñadas na súa época. Extensión do imperio

só garden relación nesa forza centrífuga que procura o derrubamento dese perfecto binomio imperio / igrexa, desa moeda con dúas caras que arrasa con toda diversidade e invade pobos. Avala esta hipótese que todos os estudos até o momento coinciden en que o priscilianismo só é un fenómeno da Gallaecia.

O contexto político e social da Gallaecia de mediados do século IV vén precedido por outros sucesos dos

que temos noticias e que nos sitúan aló polo anos 140 a. de C. Temos noticias dos Gallaeci colaborando e axudando a loita de Viriato contra Roma segundo o poeta Sillio Itálico, posición que xa tiveran con respecto a Aníbal, segundo recolle Xoán Bernánde. Estamos ante claros síntomas de asintonía co Imperio e co que este representa: perda do poder das comunidades, abusiva explotación de recurso económicos e humanos, unificación de pensamentos e sometemento das culturas e idiomas existentes, aos deseños Imperiais. Hai unha clarísima oposición soterrada ao Imperio. Mais, pódese dicir que a presenza do Imperio non foi suficiente para eliminar as características das sociedade autóctonas, e dous pensamentos, dúas culturas convivirían durante longo tempo. Recoñecido iso cando Diocleciano é obrigado a realizar unha reforma ou foedus cos galegos ao dar a Gallaecia o título de Provincia, no fondo recoñecendo legalmente o que xa existía



Ritos pagáns previos compenétranse coas crenzas chegadas de fóra nunha Gallaecia dinámica e frorecente

empíricamente: o que hoxe, salvado as distancia, sería o recoñecemento dun pobo diferente, dunha nación. E quizais aquí estexa o engarce e fundamento desa tan debatida hipótese da existencia ou non dunha raia divisora entre o norte e sul peninsular. Raia a todas luces posíbel se entendemos a confrontación do Imperio co norte gallaciano, pois sería a fronteira imaxinaria onde as forzas enfrontadas por defenderen os seus espazos territoriais mantiñan as súas posicións. Acláranos Tranoy que estamos na época en que hai un importante desenvolvemento da Galiza costeira e da situada entre o Douro e Miño, o que vén a fortalecer o poder da Gallaecia. Aquela Gallaecia abarca o que hoxe denominamos Cantabria, case toda a Castela. En fin, os conventos -anotemos que, nesta época, o termo 'convento' tiña o significado de reunión, lugar onde se acordaban decisións militares, comerciais-administrativas, quizais son estruturas prerromanas de Clunia, Astorga, Braga e Lugo. Agora a capital da Gallaecia esta en Braga.

Estamos a falar dunha Gallaecia dificilmente comprensíbel para nós polo seu dinamismo económico, político e social dentro da Península e da Europa do momento, amplamente poboada no conxunto do territorio, con toda probabilidade aínda con máis núcleos de poboación que na actualidade, xa que tiña máis poboación que o resto da Península, traballada e produtiva en todo o territorio. Un territorio que ten un amplísimo desenvolvemento cultural, onde saen escritores e emperadores, con fortes pegadas nas construcións monásticas que regaban o territorio, fertilizándoo como lugares que albergaban as reunións, mostra dunha organización colectiva activa. Por certo, lugares nada do agrado da igrexa xerárquica, que chega a prohibilos. É a Galiza "magistra letterarum".

Analicemos o texto do cronista Hidacio, nado en Xinzo da Limia e posibelmente Bispo en Chaves. O seu Cronicón, por certo non moi ben



asumido por desviarse dos seus antecesores, ao facer unha crónica denominado pexorativamente por algúns "localista" (enténdase desde e para a Gallaecia). É a fonte para o coñecemento da Gallaecia no século V e do mundo do momento. No ano 387 "Exim, in Gallaeciam Priscillianistarum haeresis invasit". Vénnos dicir que a herexía do priscilianismo invade a Galiza a partir do 387. Teñamos en conta que xa foran decapitados al-

gúns representantes do movemento en Tréveris. Hai quen, como A. Tranoy, interpreta seguindo Hidacio que está é a data da aparición do priscilianismo. Afirmación non exenta de amplas lagoas, ao noso ver, e moi afastada da realidade. Debullemos esta idea e preguntémonos: Como se casa a execución dos priscilianistas se non existen ou as súas accións non abanean o sistema establecido? E que dicir da saña con que son perseguidos os





Representación escultórica en Tréveris

seus partidarios? Como é posíbel que da noite para a maña brote un movemento do que se fala en todo occidente e conta cun tremendo arraigo popular en toda a Gallaecia? Xurde polas execucións ou non serán estas a clara proba do perigo que supuña o mesmo, para o poder político, que leva a este mesmo, en convivencia coa igrexa, a cometer un vergoñoso acto criminal? Ten as súas bases ideolóxicas quizais tamén na contradición que xurde cando a igrexa pasa a converterse na relixión oficial do Estado, provocando, como dirá José Luís Abellán: “unha nova estrutura da igrexa en conflito cos intereses económicos e sociais das clases ameazadas pola crise do imperio romano”. Como moi sabiamente nos di Fernando de los Ríos, a única vinculación do priscilianismo co mundo relixioso debese: “[a] que a única ideoloxía que en ese momento podía concretar as aspiracións colectivas era a reflexión, e por iso os grupos revolucionarios apa-

recen a miúdo baixo esta forma, ou están xunguidos aos disidentes do cristianismo estatal” ou, como afirma Barbero Aguilera: “eran movementos revolucionarios rurais nos que se alían contra a orde social establecida os pequenos propietarios absorbidos polo réxime de latifundios, os colonos e escravos”, e sigue insistindo neste arraigo por seren zonas escasamente cristianizadas da Gallaecia. En resumo, as clases superiores vinculadas coa metrópole de Mérida e coa defensa da unificación estado-igrexa teñen fidelidade ao estado-igrexa e o seu ideario ideolóxico, fronte aos sectores máis populares, descontentos co brutal pagamento de impostos que teñen que realizar, e que adoptan a forma dunha disidencia considerada herética polo igrexa e revolucionaria por nós. Nos esquezamos que o clero se recruta entre os comerciantes, terratenentes e funcionarios para ollar unha perspectiva económica do asunto. A acusación do bispo Metro-

politano de Mérida, Hydacio, contra os priscilianistas obriga o emperador Graciano a desterralos da súa patria, mais este ratifica, unha vez escoitado os argumentos priscilianistas, e revoga o seu edito e os priscilianistas regresan a súa terra. Feito que puidera ocasionar que en Padrón se dedique a Graciano un lápida que di: “A Graciano, o noso perpetuo señor”

Desde este punto de vista da unión igrexa-estado, calquera movemento de carácter social e territorial automaticamente era inimigo dos dous. E non podían ser tolerados por poren en perigo a estrutura política vixente. Estamos no contexto dunha sociedade que sofre os intentos desmesurados por parte dos actores igrexa/imperio de imporen o pensamento único no relixioso e político, igual que a unificación no xeográfico e que dentro da Península tiñan como pretensión a unificación do territorio. Abellán segue a manifestar: “a toma de conciencia da perigosidade social do priscilianismo é o que o levou a reescribir a historia do mesmo en anos inmediatamente posteriores á morte de Prisciliano, no ano 385”. Ou como dirá Chadwick: aquí esta a chave da historia social do final do mundo antigo. O perigo que representa o priscilianismo para unha pensamento -o representado polo binomio, igrexa-estado- que era incapaz de tolerar as pluralidades de pensamento era manifesta. Así, o combate e persecución a que é sometido desde todos os sectores é brutal. Primeiramente, trátase de esfarelalo por medio de un intoxicación ideolóxica, acusando de máxico, arcaico, herexiático, maniqueísta, obsceno por pretender a igualdade da muller e home, celebrar reunións nocturnas, orar espido e terminar as oracións “inter coitum”... en fin, como manifesta Díaz e Díaz, un movemento acusado de defender e popularizar toda clase de erros é tido por un inimigo da igrexa e da sociedade. Quen ten que soportar tales difamacións carentes de sentido sabe que se non desiste do seu empeño,



Cubertas da catedral de Santiago onde se discute se a tumba que nela está é a de Prisciliano. Representación do historiador Paulo Osorio (Braga, 390?- 420)



só lle queda triunfar ou aturar as consecuencias dos que impoñen os seus ideais a sangue e fogo. Os priscilianistas non abdicaron dos seus posicionamentos, o que lles supuxo a expropiación dos seus bens, torturas, exilios, e a execución en Tréveris dalgúns dos seus representantes. A Tréveris foi conducido pola forza un núcleo de dirixentes. Non concordamos coa presenza pacífica dos mesmos, xa que, con toda seguridade, o xuízo que se realiza alí, afastado do Gallaecia, non podería celebrarse na Gallaecia polo grande apoio con que contaba o priscilianismo.

Vai ser o usurpador Maximo, procedente da metrópole peninsular e aliado dos antipriscilianistas, quen ordena o asasinato de Graciano e quen encarga a Patricio, curiosamente patrón do fisco, a acusación contra os priscilianistas. O xiro da historia, tanto para os priscilianistas, como para a propia Península, así como para o imperio e igrexa, agóchase no asasinato de Graciano. Outro galo cantaríase de non ter tido lugar esta usurpación sanguenta. Logo de ser torturados, non coa idea de sacarlles unha confesión das súas actividades, senón de que abdiquen dos seus principios, son condenados á

morte ao se negaren a aceptar tales proposicións. Prisciliano, Felicísimo e Armenio, xa non eran católicos. Latronio un gran poeta laico, de quen o propio San Xerome escribe na su obra *De viris illustribus*: "Latroniano, da Provincia de España, varón moi erudito e comparábel na poesía cos clásicos antigos, foi decapitado en Tréveris con Prisciliano, Felicísimo, Juliano, Eucrocía y outros del mismo partido". Tamén os diáconos Asarivio e Aurelio son decapitados, mentres que Instancio e Tiberiano son deportados á Illa Scilly, despois da incautación de todos seus bens. O movemento vai tomar novos pulos e propagarase con máis intensidade: logo destes sucesos, os decapitados serán venerados como mártires unha vez que son traídos a Gallaecia onde se celebran grandes exequias. As persecucións que se realizan sobre os priscilianistas son das máis cruentas que coñece a historia: van desde as execución, o roubo dos seus bens, excomuñóns, a perda de todos os seus dereitos civís, até destellos. Iso obrigaraos a se constituíren en sociedades secretas e a gardaren segredo sobre os debates que se producen entre eles. O Priscilianismo tomará novos pulos co nacemento do rei-

no Suevo na Galiza. E só no concilio bracarense -onde novamente se condena os priscilianistas- celebrado no 567, logo de vencer o reino Suevo, parece ser que o priscilianismo é definitivamente obrigado a vivir soterrado na sociedade galega. E quizais a creación fantástica do enterramento de Santiago, en Compostela, preténdese ser a estocada definitiva contra o priscilianismo, xa que vale para enterrar de novo o priscilianismo, transformando o seu culto no culto a Santiago, convertendo as persoas valoradas pola sociedade pagán en santos católicos, e así dar novos pulos á unificación territorial da Península. Aquí entramos no tan debatido enterramento na catedral de Compostela: Santiago ou Prisciliano. O de Santiago só se sostén se a ciencia a convertemos en crenza. Ningún dos autorizados escritores pola igrexa máis próximos aos acontecementos escriben ou dan conta da presenza de Santiago na Galiza: nin



A figura de Prisciliano inspirou moi diversas representacións artísticas, desde o Teatro até o cine, como a que recrea Luís Buñuel no seu filme "A vía láctea"



Prudencio (405), nin Orosio, nin Hidacio (395-468), nin os escritores dos séculos VI-VIII. O mesmo silencio en San Mártir de Braga ou en escritores visigodos como Isidoro, Idefonso. O Papa Inocencio I rexeita a presenza de Santiago, ao escribir unha carta no 416 onde recolle que en España só fundou igrexas San Pedro. Tampouco os concilios iniciais falan do tema. Especial relevancia merecen as opinións de Gregorio de Tours (594) que coñece os santuarios marianos é nada comenta, e Venancio Fortunato (600) no seu *Virginibus*, onde cita as zonas que corresponde a cada apóstolo, atribuíndo San Martiño á Galiza.

As primeiras noticias da presenza de Santiago proceden das interpolación que se fan ao pasar os Catálogos bizantinos ou apostólicos, redactados en grego e nos que non aparece a noticia, aparecendo na tradución latina sobre o século VI. Vemos como a noticia da presenza do apóstolo en Santiago coincide xuntamente co que se

dá en chamar fin do Priscilianismo. As conquistas nunca son efectivas polas simples aniquilacións físicas: necesitan borrar as mínimas pegadas que deixen

alguna greta na consciencia. Noticia que xurde en Occidente, das mans da xerarquía eclesiástica e que chega a nós, 100 anos despois, no século VII. Ao longo da historia, temos pensadores e escritores -de dentro e fóra da Galiza- que abertamente manifestaron as súas opinións sobre o tema, pese á fortísima censura e á influencia de sectores da xerarquía eclesiástica, que pretenden amordazar ou condicionar calquera debate ou publicidade sobre o tema, por desgraza, aínda vixente na actualidade. Chegue como exemplo, a negativa da alcaldía de Compostela a representar unha obra de teatro, do noso querido Roberto Vidal Bodaño, por falar con liberdade do tema. Xa Portela Valladares proclama no seu día que a tumba é de Prisciliano, ou

o propio Unamuno, que menciona a posibilidade que o priscilianismo fose solapado por Santiago. Por non mencionar un dos grandes analistas do priscilianismo como é o profesor Henry Chadwick, que se inclina pola presenza das reliquias priscilianistas na Catedral. Mais quen definitivamente, logo dunha análise rigorosa, desmonta tal suposto soterramento de Santiago en Compostela, é Duchesne cun artigo realizado en 1900. En fin, pese a intentos serios de eruditos de onte e hoxe, non se acadou a mínima proba para supor ou confirmar a presenza de Santiago na Galiza, e moito menos o seu enterramento. Pola contra, como puxemos de manifesto moi sinxelamente na parte final deste escrito, si que abundan probas para rexeitar tal presenza. Rematamos chamando a atención para que futuros estudos nos poidan seguir deitando luz sobre un tema tan apaixonante e necesario para a nosa cultura e historia ■